



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

Extracto da resolución da Concelleira delegada de Benestar Social, Igualdade, Educación e Xuventude, de data 28/08/2020 pola que se acorda aprobar as bases reguladoras de “subvencións dirixidas as anpas dos colexios de primaria para o desenvolvemento do programa “Eu almorzo no cole” para o curso 2020-2021.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeneral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do “subvencións dirixidas as anpas dos colexios de primaria para o desenvolvemento do programa “Eu almorzo no cole” para o curso 2020-2021.

Primeiro.-Beneficiarios.

As entidades beneficiarias perceptoras da subvención terán as obrigas, de conformidade co sinalado no artigo 14, da Lei Xeral de Subvencións, e en todo caso:

Poderán acollerse a esta convocatoria as ANPAS dos centros públicos de primaria do concello de As Pontes de García Rodríguez que no momento da convocatoria o soliciten de acordo co establecido nestas, tendo consideración de beneficiario da subvención a entidade destinataria dos fondos públicos para a actividade ou acción que dentro da finalidade das bases, se atope na situación que lexítima a súa concesión.

En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as ANPAS dos centros públicos do Concello de As Pontes de García Rodríguez de primaria legalmente constituídas, adaptadas á normativa vixente, que carezan de finalidade de lucro e sempre que as accións que desenvolvan cumpran o obxecto íntegro destas bases.

Segundo.-Obxecto.

Constitúe o obxecto desta convocatoria a ordenación do procedemento aplicable para o outorgamento de subvencións en réxime de concorrencia competitiva destinadas ás ANPAS dos centros públicos do Concello das Pontes de García Rodríguez para o desenvolvemento do programa “Eu almorzo no cole” para dar resposta ás necesidades socio-laborais das familias e favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.

Terceiro.- Bases reguladoras.

O programa rexerese polas bases reguladoras específicas, que foron publicadas no BOP número 140, do 28 de agosto de 2020, dispoñibles en:

https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2020/08/28/2020_0000005931.pdf

Cuarto.-Contía.

Destinaranse un importe de 44.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2020.320.48900.

Quinto.- Criterios de valoración.

Os criterios de valoración son os establecidos na base das Bases reguladoras específicas.

Sexto.- Lugar e prazo de presentación de solicitudes.



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MSL

A solicitude terá exclusivamente formato electrónico e deberá presentarse a través da sé electrónica do Concello: <https://sede.aspontes.com/e/index.html>.

O prazo será de DEZ días contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente extracto de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Sétimo.- Prazo de xustificación.

O prazo de xustificación das subvencións finalizará o día 30 de xuño de 2021.

Oitavo.- Compatibilidade con outras axudas.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

As Pontes de García Rodríguez